



RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 1858 /2011.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución deste Alcalde número 1141/2011, do 27 de abril, incóase expediente de contratación da obra “Reintegración urbana do Patrimonio Cultural da Chaínza. Fase 1”, incluído na intervención global “ Fabricas da Chaínza” que é cofinanciado polas entidades: Concello de Noia, Consellería do Mar e Ministerio de Cultura, cun orzamento de execución por contrata de douscentos trinta e cinco mil novecentos doce euros con trinta céntimos (235.912,30 €), definida no correspondente proxecto técnico redactado polo arquitecto Alfonso Salgado Suárez (Colexiado número 1.913) e don Francisco Xavier Liñares Tüñez (colexiado número 2.674), que resultou aprobado por Resolución deste Alcalde número 1141/2011, do 27 de abril.

Segundo. En data 3 de maio de 2011, por resolución do alcalde número 1170/2011, acórdase aprobar o expediente de contratación tramitado, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de execución da obra “Reintegración urbana do Patrimonio Cultural da Chaínza. Fase 1”, incluído na intervención global “ Fabricas da Chaínza”, expediente número 07/11-OB-PN, e autorizar o gasto por un importe de,

- a) Prezo sen IVE: Cento noventa e nove mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e oito céntimos (199.925,68 €).
- b) IVE: Trinta e cinco mil novecentos oitenta e seis euros con sesenta e dous céntimos (35.986,62 €).
- c) Total: Douscentos trinta e cinco mil novecentos doce euros euros con trinta céntimos (235.912,30 €).

Terceiro. Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse dúas, polas empresas: CONSTRUCCIONES CES, SL e PROMONOA, S.L, en prazo e cumprindo cos requisitos establecidos na cláusula 7 do prego de administrativas que rexe esta contratación, a empresa AQUAGEST, presenta unicamente o sobre B “Proposición económica”, e ARGALZAS, S.L, non presenta proposición

Cuarto. O órgano de contratación, en base ó establecido no prego de administrativas, ACORDA declarar admitidos e excluídos aos seguintes licitadores, polos motivos que se indican:

- LICITADORES ADMITIDOS.
 - CONSTRUCCIONS CES, SL.
 - PROMONOA, S.L.
- LICITADORES EXCLUÍDOS.
 - Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua, S.A. ao presentar unicamente o sobre B.
 - Construccións Argalzas, S.L, ao non presentar proposición.

Quinto: Por Resolución da Alcaldía número 1684/2011, de 28 de xuño, clasifícase por orden decrecente as proposicións presentadas, e outorga a seguinte puntuación total a cada un dos licitadores participantes e admitidos no procedemento negociado convocado por Resolución do Alcalde número 1170/2011, de 3 de maio de 2011, para a adxudicación do contrato de execución da obra “Reintegración urbana do Patrimonio Cultural da Chaínza. Fase 1”, incluído na intervención global “ Fabricas da Chaínza”, expediente número 07/11-OB-PN,

CONSTRUCCIONS CES, S.L.		
I) OFERTA ECONÓMICA (máx. 30 p.).		
Importe ofertado.	% baixa	Puntos.
199.501,64 € Sen Ive.	0,21	0,38

Subtotal aptdo. I).	0,38
---------------------	------

II) REDUCCIÓN DE PRAZOS (máx. 70 p.).		
MELLORAS OFERTADAS.	Criterio de valoración.	Puntos.
150 días naturais.	Prazo previsto 180 días naturais.	70
Polo técnico municipal entendese que a redución de prazos atópase debidamente xustificada sendo a mesma viable tecnicamente.		
Subtotal aptdo. II)		70
TOTAL PUNTUACIÓN		70,38

PROMONOIA, S.L		
I) OFERTA ECONÓMICA (máx. 30 p.).		
Importe	% baixa	Puntos
199.925,68 € Sen IVE.	0	0
Subtotal aptdo. I)		0

II) REDUCCIÓN DE PRAZOS (máx. 70 p.)		
MELLORAS OFERTADAS.	Criterio de valoración.	Puntos
180 días naturais.	Prazo previsto 180 días naturais.	0
Subtotal aptdo. II)		0
TOTAL PUNTUACIÓN		0

1º LICITADOR: CES S.L		
I) OFERTA ECONÓMICA (de 0 a 20 puntos.)		
Importe sen IVE.	% baixa.	Puntos.
130.373,99 €.	0,27%.	0,32
Subtotal aptdo. I)		0,32 puntos.
II) PROGRAMA DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (máx.5 puntos).		
A) Certificado ISO 9001.	máx. 1 puntos.	0 puntos .
B) Porcentaxe do orzamento adicado o control de calidade Considerase polo técnico a porcentaxe ofertada a máxima admisible (2%)	máx. 2 puntos.	1,20 puntos.
C) Plan interno de calidade Presentase correctamente e proponse o outorgamento de	(máx. 1 punto.) 1 puntos.	1 puntos.
D) Plan de ensaios Proponse polo técnico u outorgamento de	(máximo 1 punto) (0,5 puntos).	0 ,5 puntos.
Subtotal aptdo. II)		2,7 puntos.
III) PROGRAMA DE TRABALLO E PROTECCIÓN AMBIENTAL (máx.10 puntos).		
A) Certificado ISO 1400	máx. 5 puntos.	0 puntos.



B) Contido e adaptación as características específicas do Concello e o seu entorno. máx. 5 puntos. Proponse polo técnico u outorgamento de 5 puntos.	5 puntos.
Subtotal aptdo. III)	5 puntos.

IV) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE(máx. 10 puntos)
Proponse polo técnico u outorgamento de 10 puntos.
Subtotal aptdo. IV) 10 puntos

V) REDUCCIÓN DE PRAZOS (de 0 a 5 puntos, 0,08 por cada día de reducción)		
Prazo ofertado	Días naturais de reducción.	Puntos
125 días naturais	55 días.	4,4
Subtotal aptdo. V)		4,4

TOTAL	Puntos 22,5
--------------	--------------------

2º LICITADOR: CONSTRUCCIONES NEMESIO ORDOÑEZ S.A		
I) OFERTA ECONÓMICA (de 0 a 20 puntos.)		
Importe sen IVE.	% baixa	Puntos.
130.721,75 €.	0,00%	0
Subtotal aptdo. I)		0 puntos.
II) PROGRAMA DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (máx.5 puntos).		
A) Certificado ISO 9001	máx. 1 puntos.	0 puntos.
B) Porcentaxe do orzamento adicado o control de calidade Considerase polo técnico a porcentaxe ofertada a máxima admisible (2%)	máx. 2 puntos.	1 puntos.
C) Plan interno de calidade (máx. 1 punto.) Presentase correctamente e proponse o outorgamento de 0 puntos.		0 puntos.
D) Plan de ensaios (máximo 1 punto). Proponse polo técnico u outorgamento de (0,5 puntos).		0 ,5 puntos.
Subtotal aptdo. II)		1,5 puntos.
III) PROGRAMA DE TRABALLO E PROTECCIÓN AMBIENTAL (máx.10 puntos).		
A) Certificado ISO 1400	máx. 0 puntos	0 puntos.
B) Contido e adaptación as características específicas do Concello e o seu entorno. máx. 5 puntos Presentase un programa xenérico, faltan prezos parciais e acumulado, proponse polo técnico u outorgamento de 1puntos.		1 puntos.
Subtotal aptdo. III)		1 puntos.

IV) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE(máx. 10 puntos)
Proponse polo técnico u outorgamento de 3 puntos, xa que unicamente se contemplan as proteccións individuais e colectivas e non se inclúen,datos relativos a percorridos de evacuación en caso de accidente , e centros de saúde os que acudir.

Subtotal aptdo. IV) 3 puntos

V) REDUCCIÓN DE PRAZOS (de 0 a 5 puntos, 0,08 por cada día de reducción)		
Prazo ofertado	Días naturais de reducción	Puntos
Non consta.	0 días	0
Subtotal aptdo. V)		0

TOTAL Puntos 5,5

Sexto: No mesmo acordo requírese á empresa CONSTRUCCIONES CES. S.L, candidato que presenta a oferta mais vantaxosa, para que en un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que compromete adscribir a execución do presente contrato consonte o sinalado no artigo 53.2 e de ter constituída a garantía definitiva do 5% do importe do contrato, que ascende a cantidade de 9.975,082 euros, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Sétimo. En cumprimento do anterior, CONSTRUCCIONES CES, SL , achega a documentación complementaria esixida e constituie na Tesourería Municipal a garantía definitiva mediante aval bancario por importe de 9.975,082 euros.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Segundo o disposto no artigo 135 da LCSP a a adxudicación deberá notificarse os licitadores e publicarse no perfil do contratante, é contera a información que nel se indica.

Segundo. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª da LCSP, posto que o importe acumulado de tódalas anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar o contrato de execución das obras de "Reintegración urbana do Patrimonio Cultural da Chaínza. Fase 1", a CONSTRUCCIONES CES, SL , con código de identificación fiscal número B-15.026.289 por importe de douscentos trinta e cinco mil catrocentos once euros con 94 céntimos (235.411,94 €) IVE incluído, co seguinte desglose por obter unha maior puntuación, segundo os aspectos obxecto de negociación establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación, todo elo de acordo ao proxecto técnico aprobado, prego de cláusulas administrativas particulares e proposición presentada polo adxudicatario:

- Prezo sen IVE: Cento noventa e nove mil cincocentos un euros con sesenta e catro céntimos (199.501,64 €).
- IVE: Trinta e cinco mil novecentos dez euros con trinta céntimos (35.910,30 €).
- Total (a+b): Douscentos trinta e cinco mil catrocentos once euros con noventa e catro céntimos (235.411,94 €).

Segundo. Ordenar a publicación da presente adxudicación no perfil do contratante do Concello de Noia (www.noia.es).

Terceiro. O contrato formalizase en documento administrativo logo do prazo dos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, o anuncio de formalización publicarase no perfil do contratante, este último anuncio publicarase no prazo de 48 días



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)
Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

dende a data da mesma.

Cuarto. Dentro do prazo dos dous (2) días hábiles seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación da implantación do proxecto, na data que sinala a administración, polo que queda obrigado o contratista, trala notificación previa, a acudir e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.

Quinto. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado o Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación a autoridade laboral.

Sexto. O contratista queda obrigado a iniciar as obras no prazo máximo de cinco (5) días naturais seguintes ao da sinatura da Acta de comprobación da implantación.

Sétimo. Nomear de forma expresa aos arquitectos don Alfonso Salgado Suárez, número de Colexiado 1.913, don Francisco Liñares Túniz, número de Colexiado 2.674 e don Santiago Rey Conde, número de Colexiado 3.632, directores facultativos da obra, e ao arquitecto técnico municipal don José Ventura Fernández Sarasquete, coordinador en materia de seguridade e saúde da mesma.

Oitavo. Notificar a presente resolución a todos os licitadores participantes, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noveno. Dar traslado da mesma ó director facultativo e ó coordinador en materia de seguridade e saúde, ós servizos municipais de Intervención, Tesourería e Xefatura de Rendas e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que convoque.

Noia, 14 de xullo de 2011.

O alcalde.

Asdo. Rafael García Guerrero.



A secretaria.

Asdo. Raquel B. Bahillo Varela.

1875
1876
1877
1878
1879
1880
1881
1882
1883
1884
1885
1886
1887
1888
1889
1890
1891
1892
1893
1894
1895
1896
1897
1898
1899
1900

1875
1876
1877
1878
1879
1880
1881
1882
1883
1884
1885
1886
1887
1888
1889
1890
1891
1892
1893
1894
1895
1896
1897
1898
1899
1900



1875
1876
1877
1878
1879
1880
1881
1882
1883
1884
1885
1886
1887
1888
1889
1890
1891
1892
1893
1894
1895
1896
1897
1898
1899
1900